

**PUBLICACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO  
PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCION E FUNCIONAMENTO DUNHA  
BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACION CON CARÁCTER TEMPORAL  
DE PERSOAL ADMINISTRATIVO**

Celebrado o día 28 de setembro de 2021 o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, da oposición convocada para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de persoal administrativo no Concello de Teo, e de acordo co previsto na bases 9.1 a) e 9.2 das que rexen a convocatoria, faise **público o contido do exercicio tipo test e as respostas correctas** para a súa publicación no Restaurante Los Robles, lugar onde se realizou o exercicio, e na páxina web municipal ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)), concedéndose un prazo de **tres (3) días hábiles** para os efectos de **alegacións e/ou reclamacións**, prazo que se contará dende a publicación do presente nos lugares indicados, que terá lugar no día da data.

Teo, 29 de setembro de 2021

A secretaria do Tribunal

M<sup>a</sup> Elena Méndez Buela

**ANEXO**

**PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN  
DUNHA BOLSA DE PERSOAL ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE TEO**

1.- A Reforma constitucional de 2011:

- a) foi sometida a Referendum para a súa ratificación e produciuse a disolución inmediata das Cortes.
- b) **non foi sometida a Referendum para a súa ratificación porque non o solicitaron, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras.**

c) non foi sometida a Referendum para a súa ratificación pero produciuse a disolución inmediata das Cortes unha vez publicada.

d) non foi sometida a Referendum para a súa ratificación porque non o solicitaron, dentro dos dez días seguintes á súa aprobación, unha quinta parte dos membros de calquera das Cámaras.

2.- O Congreso componse de:

a) un mínimo de 300 e un máximo de 450 Deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

b) un mínimo de 200 e un máximo de 400 Deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

**c) un mínimo de 300 e un máximo de 400 Deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.**

d) un mínimo de 350 e un máximo de 450 Deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

3.- Dacordo co artigo 81.2 da C.E. de 1978,

a) a aprobación, modificación ou derogación das leis orgánicas esixirá maioría absoluta do Congreso, nunha votación final das enmendadas e outra sobre o conxunto do proxecto.

**b) a aprobación, modificación ou derogación das leis orgánicas esixirá maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.**

c) só a derogación das leis orgánicas esixirá maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

d) só a aprobación e a modificación das leis orgánicas esixirá maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

4.- ¿Que título da Constitución Española de 1978 trata Do Poder xudicial?

a) Título V.

**b) Título VI.**

c) Título VII.

d) Título IV.

5.- A Constitución Española de 1978 establece que calquera alteración dos límites provinciais terá que ser aprobada:

a) polas Cortes Xerais mediante lei ordinaria e sometida a Referendum.

b) polas Cortes Xerais mediante lei orgánica e sometida a Referendum.

**c) polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.**

d) por un Decreto-Lei, refrendado polas Cortes Xerais.

6.- A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica

a) propia.

b) autónoma.

c) independente.

**d) plena.**

7.- Segundo o artigo 148 da Constitución Española, as alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio, a ordenación do territorio, urbanismo e vivenda e os montes e aproveitamentos forestais, son materias nas que poderán asumir competencias:

a) as provincias.

b) as Deputacións provinciais.

**c) as Comunidades Autónomas.**

d) o Estado.

8.- ¿A quen corresponde, segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, interpoñer recursos de inconstitucionalidade e persoarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional?

- a) Á Presidencia da Xunta.
- b) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- c) Ao Parlamento de Galicia.**
- d) Á persoa titular da Consellería correspondente.

9.- Non é de existencia preceptiva en tódolos concellos:

- a) A Xunta de Goberno Local.**
- b) O Pleno.
- c) O alcalde.
- d) Os tenentes de alcalde.

10.- A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse:

- a) pola lexislación das Comunidades Autónomas sobre réxime local, sen que a alteración de termos municipais poida supor, en ningún caso, modificación dos límites provinciais.**
- b) pola lexislación estatal sobre réxime local, sen que a alteración de termos municipais poida supor, en ningún caso, modificación dos límites provinciais.
- c) pola lexislación das Comunidades Autónomas sobre réxime local, podendo supor a alteración de termos municipais a modificación dos límites provinciais.
- d) pola lexislación europea sobre réxime local, sen que a alteración de termos municipais poida supor, en ningún caso, modificación dos límites provinciais.

11.- Constitúe a poboación do municipio,

- a) o conxunto de persoas que viven nel.

b) o conxunto de persoas que posúen vivenda no municipio.

**c) o conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal.**

d) o conxunto de persoas que posúen vivenda no municipio e as que están en réxime de alugueiro.

12.- A Comisión Especial de Contas existe:

a) só nos municipios de máis de 5.000 habitantes.

b) só nos municipios de máis de 10.000 habitantes.

c) só nos municipios de gran poboación.

**d) en tódolos municipios.**

13.- A Xunta de Goberno Local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior:

a) ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados polo Pleno.

**b) ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.**

c) a un cuarto do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

d) a unha quinta parte do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

14.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que, salvo que por Lei ou no Dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo, cando os prazos se sinalen por horas,

a) enténdese que estas son hábiles. Son hábiles tódalas horas do día comprendidas entre as 08:00h e as 15:00h.

b) enténdese que estas son hábiles. Son hábiles tódalas horas do día comprendidas entre as 08:00h e as 22:00h.

c) enténdese que estas son hábiles. Son hábiles tódalas horas do día, excepto entre as 00:00h e as 08:00h.

**d) enténdese que estas son hábiles. Son hábiles tódalas horas do día que formen parte dun día hábil.**

15.- Se un prazo se fixa en meses ou anos,

a) estes computaranse a partir do mesmo día no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel no que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo.

**b) estes computaranse a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel no que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo.**

c) estes computaranse a partir do mesmo día no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o mesmo día no que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo.

d) dito prazo non é legal.

16.- O rexistro electrónico de cada Administración ou Organismo rexerese a efectos de cómputo dos prazos,

a) pola data e hora do rexistro común, debendo contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de maneira accesible e visible.

b) pola data e hora que lle asigne a persona encargada do mesmo, debendo contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de maneira accesible e visible.

**c) pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de maneira accesible e visible.**

d) pola data oficial da sede electrónica de acceso ou do rexistro común, indistintamente.

17.- Na sede electrónica de acceso a cada rexistro,

**a) figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.**

b) figurará o listado de persoas ás que debe dirixirse cada rexistro.

c) no é obrigatorio que figure a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

d) só existirá un formulario xenérico, que a persoa encargada do rexistro derivará con posterioridade ao departamento ou unidade responsable da súa tramitación.

18.- Para os actos e xestións de mero trámite, cando os realiza unha persoa representando á persoa interesada,

**a) presumirase a representación.**

b) debe acreditarse sempre a representación.

c) debe acreditarse a representación, excepto se se trata dun familiar en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

d) requeriráselle á persoa interesada, para que envíe solicitude asinada por el/ela mesmo/a.

19.- Dacordo co artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, exceptúanse do deber de resolución expresa os supostos de:

**a) terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.**

b) solicitude de petición de dereitos fundamentais.

c) solicitude de petición de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

d) A Administración está obrigada a ditar resolución expresa sempre, sen excepción algunha.

20.- Dacordo co disposto no artigo 24.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a estimación por silencio administrativo,

a) ten os efectos de acto de trámite, previo a unha finalización convencional do procedemento.

b) ten só efectos informativos.

**c) ten a tódolos efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.**

d) considérase paso previo á interposición dun recurso contencioso-administrativo.

21.- As Administracións Públicas declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos:

a) que sexan anulables.

**b) que sexan nulos de pleno dereito.**

c) que estean afectados por unha irregularidade non invalidante.

d) que sexan irregulares.

22.- Dacordo co artigo 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as facultades de revisión dos actos en vía administrativa non poderán ser exercidas cando:

a) transcorreran tres meses desde que se ditara o acto.

b) transcorreran dez anos desde que se ditara o acto.

c) falecera o destinatario do acto nulo ou anulable.

**d) o seu exercicio resulte contrario á equidade.**

23.- As Administracións Públicas poderán revogar os seus actos de gravame ou desfavorables:

a) cando sexan anulables.

**b) mentras non transcorrera o prazo de prescrición.**

c) cando sexan nulos.

d) aínda que a revogación sexa contraria ao principio de igualdade.

24.- Dacordo co artigo 36 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, serán motivados con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:



- a) os actos que acepten as probas propostas polos interesados.
- b) os acordos de suspensión de actos.**
- c) os actos que non se separen do criterio seguido en actuacións precedentes.
- d) os actos que sigan o ditame de órgano consultivo.

25.- Tratándose dos actos das Administracións Públicas, ¿cal das seguintes afirmacións é falsa?.

- a) Notifícanse aos interesados dentro do prazo de dez días a partir da data na que o acto fora ditado.
- b) Notifícanse preferentemente por medios electrónicos.
- c) Excepcionalmente poderáselles outorgar eficacia retroactiva.
- d) Presúmense válidos e producirán efectos desde o día seguinte á data na que se diten.**

26.- As Administracións Públicas poderán convalidar os actos administrativos:

- a) que sexan anulables.**
- b) que sexan nulos de pleno dereito.
- c) que se diten por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.
- d) que estean afectados por unha irregularidade non invalidante.

27.- Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán inmediatamente executivos, salvo que:

- a) sexan desfavorables ou de gravame.
- b) o órgano que o dita dispoña outra cousa.
- c) se necesite aprobación ou autorización superior.**
- d) se trate da resolución dun procedemento de responsabilidade patrimonial.

28.- A execución forzosa polas Administracións Públicas efectuarase, respectando sempre o principio de proporcionalidade, polos seguintes medios:

- a) Apremio sobre o patrimonio, execución forzosa, multa coercitiva e compulsión sobre as persoas.
- b) Apremio sobre o patrimonio, execución subsidiaria, multa punitiva e compulsión sobre as persoas.

**c) Apremio sobre o patrimonio, execución subsidiaria, multa coercitiva e compulsión sobre as persoas.**

d) Apremio sobre o patrimonio, execución subsidiaria, multa coercitiva e compulsión sobre os bens.

29.- Tratándose da práctica das notificacións no procedemento administrativo, ¿cal das seguintes afirmacións é falsa?

a) As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulta obrigado a recibilas por esta vía.

b) En ningún caso se efectuarán por medios electrónicos as notificacións que conteñan medios de pago a favor dos obrigados tales como cheques.

c) Nos procedementos iniciados a solicitude de interesado, a notificación practícarase polo medio sinalado ao efecto por aquel.

**d) As Administracións nunca poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos.**

30.- Tódalas operacións financeiras que subscriban as Corporacións Locais están suxeitas:

a) ao principio de anualidade.

**b) ao principio de prudencia financeira.**

c) ao principio de execución presupostaria.

d) ao principio de especificación.

31.- Os concellos poderán establecer i esixir o seguinte imposto:

a) Imposto sobre Bens Inmóbles.

b) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

**c) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.**

d) Imposto sobre Actividades Económicas.

32.- A nosa vixente Constitución, respecto das facendas locais consagra o principio de:

- a) Autodeterminación.
- b) Suficiencia.**
- c) Autonomía.
- d) Dependencia do Estado.

33.- Ten o carácter de tributo indirecto o imposto sobre:

- a) Actividades Económicas.
- b) Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
- c) Construcións, Instalacións e Obras.**
- d) Vehículos de Tracción Mecánica.

34.- Aos efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles terán a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e de bens inmóbles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do:

- a) rexistro da propiedade.
- b) inventario municipal.
- c) catastro inmobiliario.**
- d) ningunha resposta é correcta.

35.- ¿A quen corresponde a fiscalización externa das Contas?

- a) Á Intervención municipal.
- b) Á Intervención Xeral do Estado.
- c) Ao Tribunal de Contas.**
- d) Aos xuíces e tribunais.

36.- Como consecuencia da liquidación do presuposto non deberá/n determinarse:

- a) os remanentes dos presupostos dos cinco exercicios anteriores.**
- b) os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- c) o resultado presupostario do exercicio.
- d) o remanente de tesourería.

37.- Con carácter xeral, os remanentes de crédito, ao peche do exercicio:

- a) quedarán anulados e non se poderán incorporar ao Presuposto do exercicio seguinte.**
- b) quedarán anulados pero poderanse incorporar ao Presuposto do exercicio seguinte.
- c) no son anulados e poderanse incorporar ao Presuposto do exercicio seguinte.
- d) incorporaranse ao Presuposto do exercicio seguinte.

38.- É de carácter obrigatorio o seu establecemento e esixencia, para os concellos, o imposto sobre:

- a) Incremento de valor dos terreos de Natureza Urbana.
- b) Circulación de vehículos.
- c) Construcións, instalacións e obras.

**d) Vehículos de Tracción Mecánica.**

39.- A obriga de pago dun tributo deriva:

- a) da práctica da liquidación tributaria.
- b) da presentación dunha autoliquidación.
- c) da existencia de domicilio fiscal.

**d) da realización do feito imponible.**

40.- O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación provisional dunha ordenanza fiscal nun concello é:

- a) o Pleno da Entidade.**
- b) o Presidente da mesma.
- c) a Xunta de Goberno Local.
- d) calquera deles.

41.- En relación coa clasificación económica dos gastos do presuposto das entidades locais distínguense entre:

- a) operacións abertas e pechadas.
- b) operacións limitadas e non limitadas.
- c) operacións financeiras e non financeiras.**
- d) operacións de préstamo e liberadas.

42.- En relación coa clasificación económica dos ingresos do presuposto das entidades locais, non forman parte das operacións correntes:

a) Impostos directos.

**b) Transferencias de capital.**

c) Taxas, prezos públicos e outros ingresos.

d) Ingresos patrimoniais.

43.- Dentro da secuencia das distintas fases de execución do gasto, o recoñecemento da obrigación é:

a) anterior á autorización do gasto e posterior á disposición do mesmo.

b) posterior á ordenación de pago e anterior á liquidación.

**c) anterior a esta ordenación do pago e posterior ao compromiso do gasto.**

d) posterior á autorización do gasto e anterior ao compromiso do mesmo.

44.- O devengo do tributo é:

a) o aspecto que indica a medida, o grao ou a intensidade con que se realiza o feito imponible.

b) o elemento que mide a capacidade económica do contribuínte.

**c) o momento do nacemento da obriga tributaria.**

d) o período lapso de tempo de realización do feito imponible.

45.- O Presupuesto, con respecto aos gastos, é un/unha:

a) previsión.

b) límite mínimo.

**c) límite cuantitativo.**

d) cálculo aproximado.

46.- As obrigas recoñecidas e os dereitos liquidados aplicaranse aos presupostos:

**a) polo seu importe integro.**

b) en ningún suposto.

c) minorándose.

d) incrementándose.

47.- Os presupostos que se integran no presuposto xeral da Corporación deberán aprobarse:

a) separadamente deste.

b) con déficit equilibrado.

**c) sen déficit inicial.**

d) polo alcalde.

48.- A estrutura dos presupostos das Corporacións Locais fíxase polo:

a) Presidente das mesmas.

**b) Ministerio de Facenda.**

c) Pleno delas.

d) Interventor/a Xeral de Fondos respectivo.

49.- A política de gasto dos órganos de goberno dunha Corporación Local inclúese na seguinte área de gasto:

- a) 1.
- b) 4.
- c) 9.**
- d) 0.

50.- A política de gasto da cultura dunha Corporación Local inclúese na seguinte área de gasto:

- a) 1.
- b) 2.
- c) 3.**
- d) 4.

51.- O capítulo 1 da clasificación económica dos gastos refírese a:

- a) gastos financeiros.
- b) transferencias correntes.
- c) gastos de persoal.**
- d) gastos de servizos.

52.- Un dos casos de acumulación de fases do presuposto de gastos nun so acto administrativo é:

- a) Autorización-recoñecemento da obrigaón.



**b) Autorización-disposición-recoñecemento da obrigación.**

c) Autorización-pago.

d) Disposición-pago.

53.- Un acto que comprometa un gasto sen consignación presupostaria é:

a) anulable.

**b) nulo de pleno dereito.**

c) irregular.

d) competencia do Pleno.

54.- As ordes de pago expídense contra o/a:

a) Interventor/a xeral de fondos.

b) Presidente da Corporación.

**c) Tesourería da entidade.**

d) Entidade bancaria.

55.- O procedemento de aprobación das ordenanzas locais:

a) esixe información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de dous meses.

b) regúlase únicamente nos artigos 133 e seguintes da Lei 39/2015.

c) require unha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local e unha aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

**d) regúlase no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.**

56.- Segundo o artigo 36 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os contratos que celebren os poderes adxudicadores, perfecciónanse:

- a) **coa súa formalización.**
- b) coa adxudicación.
- c) transcorridos dez días desde a notificación da axudicación.
- d) co consentimento das partes contratantes.

57.- Segundo o artigo 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, ¿cales dos seguintes contratos teñen a consideración de contratos privados?:

- a) Os contratos de obras que se celebren por unha Administración Pública.
- b) **Os contratos celebrados por entidades do sector público que sendo poder adxudicador non reúnan a condición de Administracións Públicas.**
- c) Os contratos de subministro que se celebren por unha Administración Pública.
- d) Os contratos de concesión de servizos que se celebren por unha Administración Pública.

58.- Tratándose dos contratos menores que celebren as Administracións Públicas, ¿cal das seguintes afirmacións non é correcta?:

- a) Non poden ter unha duración superior a un ano.
- b) Cando se trate de contratos de obras, serán menores cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000 euros.
- c) Cando se trate de contratos de servizos, serán menores cando o seu valor estimado sexa inferior a 15.000 euros.
- d) **Cando se trate de contratos de subministros, serán menores cando o seu valor estimado sexa inferior a 20.000 euros.**

59.- A adxudicación dos contratos que celebren as Administracións Públicas realizarase:

- a) ordinariamente utilizando un único criterio de adxudicación.
- b) utilizando sempre o procedemento negociado.
- c) **ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación.**

d) directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, con independencia da contía á que ascenda o contrato.

60.- Nos contratos administrativos que celebren as Administracións Públicas, cando só se utilice un criterio de adxudicación, este:

- a) **deberá estar relacionado cos custes, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rentabilidade.**
- b) non poderá ser o prezo.
- c) terá que ser exclusivamente o prezo.
- d) terá que estar relacionado coa sostibilidade ambiental.

61.- Segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, o valor estimado dos contratos é:

- a) **no caso dos contratos administrativos de obras, o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido.**
- b) no caso dos contratos administrativos de obras, o importe total, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido.
- c) no caso dos contratos administrativos de subministros o importe total, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido.
- d) o prezo de mercado, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido.

62.- En relación coas garantías esixibles nos contratos celebrados coas Administracións Públicas, sinala a resposta correcta:

- a) A garantía provisional é esixible en tódolos procedementos de contratación.
- b) A garantía definitiva únicamente pode ser en efectivo.
- c) Nunca se pode eximir ao adxudicatario da obriga de constituir a garantía definitiva.
- d) **A acreditación da constitución da garantía definitiva poderá facerse por medios electrónicos.**

63.- Os contratos que celebran as Administracións Públicas formalizaranse:

- a) sempre en escritura pública.
- b) **en documento administrativo, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.**

- c) non máis tarde dos vinte días seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación.
- d) ningunha das respostas anteriores é correcta.

64.- Segundo o artigo 32 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, nos supostos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, o dano alegado deberá ser:

- a) real, avaliable economicamente e indeterminado.
- b) persoal, efectivo e avaliable economicamente.
- c) material, non sendo indemnizables os danos morais.
- d) efectivo, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.**

65.- Segundo o artigo 67 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os interesados só poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial, cando non prescribira o seu dereito a reclamar, producíndose dita prescrición:

- a) aos dous anos de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifieste o seu efecto lesivo.
- b) aos tres anos de producirse o feito que motive a indemnización, cando se trate de danos de carácter físico ou psíquico.
- c) ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifieste o seu efecto lesivo.**
- d) aos seis meses de producirse a lesión.

66.- Tratándose da responsabilidade patrimonial, as Administracións Públicas, cando tiveran indemnizado aos lesionados, esixirán de oficio en vía administrativa das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade na que tiveran incorrido:

- a) sen necesidade de instruir un procedemento ao efecto.
- b) cando así o solicite o lesionado.
- c) por dolo, culpa ou negligencia graves.**
- d) cando así o acorde o Pleno da Corporación.

67.- Os bens das entidades locais clasifícanse en:

- a) **bens de dominio público e patrimoniais.**
- b) bens demaniais, privativos e particulares.
- c) bens de dominio público e demaniais.
- d) bens demaniais, bens de servizo público e bens de uso público.

68.- Tratándose do expediente de desafectación dun ben de dominio público local, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) O expediente resólvese polo Pleno da Corporación, por maioría simple.
- b) Esixe unha información pública durante trinta días.
- c) **No expediente deberá acreditarse a súa oportunidade e legalidade.**
- d) A desafectación require autorización da Comunidade Autónoma de Galicia.

69.- As parcelas sobrantes son:

- a) bens de dominio público.
- b) bens comunais.
- c) bens demaniais.
- d) **bens patrimoniais.**

70.- Na utilización dos bens de dominio público, o uso que consiste na ocupación dunha porción do dominio público, de xeito que se limite ou exclúa a utilización polos demais interesados, é un:

- a) uso común xeral.
- b) uso común especial.
- c) uso particular normal.
- d) **uso privativo.**

71.- Tratándose do persoal eventual das Administracións Públicas, ¿cal das seguintes afirmacións non é correcta?:

- a) Son empregados públicos.
- b) Realiza funcións de confianza e asesoramento especial.

**c) A condición de persoal eventual constitúe mérito para o acceso á Función Pública.**

d) As retribucións do persoal eventual serán determinadas polo Pleno de cada Corporación, ao comenzo do seu mandato.

72.- Tratándose do persoal laboral das entidades locais, ¿cal das seguintes afirmacións non é correcta?:

a) Pode ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

b) En ningún caso pode desempeñar os postos de traballo que estean reservados a personal funcionario.

c) Son empregados públicos.

**d) A selección do persoal laboral fixo realízase sempre por concurso.**

73.- ¿Cal das seguintes non é unha situación administrativa dos funcionarios de carreira?:

**a) Servizo diferido.**

b) Servizo activo.

c) Suspensión de funcións.

d) Excedencia.

74.- O persoal funcionario pertencente á Subescala Administrativa de Administración Xeral, realiza as seguintes tarefas:

a) De xestión, estudo e proposta de carácter administrativo.

b) De apoio ás funcións de nivel superior.

c) De mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo e manexo de máquinas.

**d) Administrativas, normalmente de trámite e colaboración.**

75.- As entidades locais aprobarán e publicarán a oferta de emprego público:

a) cada dous anos.

b) anualmente, antes do 1 de marzo de cada anualidade.

**c) anualmente, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do seu presuposto.**

d) ningunha das respostas anteriores é correcta.

76.- Polo que se refire á relación de postos de traballo das entidades locais, ¿cal das seguintes afirmacións non é correcta?:

- a) Contén tódolos postos de traballo das entidades locais.
- b) Unha vez aprobada definitivamente, deberá ser publicada íntegramente no boletín oficial da provincia.
- c) Contén só os postos de traballo do persoal funcionario.
- d) Despois de ser aprobada inicialmente, sométese a información pública por un prazo non inferior a un mes.**

77.- Están suxeitos/as a licenza urbanística municipal:

- a) As demolicións.**
- b) As demolicións derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- c) Os actos de división de terreos cando formen parte dun proxecto de parcelación.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

78.- O personal adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións:

- a) é persoal eventual.
- b) é persoal laboral.
- c) terá a consideración de axente da autoridade.**
- d) non ten a consideración de axente da autoridade.

79.- As peticións de licenzas resolveranse, no prazo de:

- a) tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.**
- b) dous meses, desde que se informa a licenza polo arquitecto municipal.
- c) catro meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- d) un mes desde que se solicita a licenza.

80.- Procederá a declaración de situación legal de ruina:

- a) cando o edificio presente un esgotamento parcial dos elementos estruturais.
- b) cando o custo das obras necesarias exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con característica similares, excluído o valor do solo.**
- c) cando o edificio presente un esgotamento de alomenos unha terceira parte dos elementos estruturais.
- d) cando o custo das obras necesarias exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con característica similares, incluído o valor do solo.

#### **PREGUNTAS DE RESERVA:**

1.- ¿Que tipo de contrato administrativo é aquel que ten por obxecto a realización polo concesionario de algunhas das prestacións do contrato de obras e no que a contraprestación a favor de aquel consiste, ou ben únicamente no dereito a explotar a obra, ou ben en dito dereito acompañado do de percibir un prezo?:

- a) Contrato de obra múltiple.
- b) Contrato de xestión de servizos.
- c) Contrato de concesión de servizos.
- d) Contrato de concesión de obra.**

2.- Segundo o artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado:

- a) nos contratos de obras cando a súa contía sexa inferior a 500.000 euros.
- b) nos contratos de subministrados cando a súa cuantía sexa inferior a 200.000 euros.
- c) nos contratos de obras, subministrados e servizos, nos casos nos que unha imperiosa urxencia resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ao mesmo, demande unha pronta execución do contrato que non poida lograrse mediante a aplicación da tramitación de urxencia.**
- d) ningunha das respostas anteriores é correcta.



3.- A reforma da Constitución Española, de 27 de agosto de 1992, publicada no BOE do 28 de agosto de 1992:

**a) modificou o artigo 13.2, xa que na súa redacción orixinal non mencionaba o dereito de sufraxio pasivo dos estranxeiros.**

b) modificou o artigo 13.2, xa que na súa redacción orixinal non mencionaba o dereito de sufraxio activo dos estranxeiros.

c) modificou o artigo 13.2, xa que na súa redacción orixinal non mencionaba o dereito de sufraxio pasivo dos españois.

d) modificou o artigo 13.2, xa que na súa redacción orixinal non mencionaba o dereito de sufraxio pasivo dos españois e pasivo dos estranxeiros.

4.- Dacordo co artigo 59.4 da C.E. de 1978, para exercer a Rexencia:

a) é preciso ser europeo e maior de idade.

b) é preciso pertencer ao Congreso ou ao Senado.

**c) é preciso ser español e maior de idade.**

d) é preciso pertencer ao goberno do Estado.

5.- A base imponible do Imposto sobre Bens Inmóbles estará constituída por:

**a) o valor catastral dos bens inmóbles.**

b) o valor real dos bens inmóbles.

c) o valor estimado dos bens inmóbles.

d) o valor de mercado dos bens inmóbles.